

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A FIGURA DE MANUEL VENTURA FIGUEROA

### REUNIDOS

Dunha parte, **D. José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Ambos os dous representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das súas respectivas entidades o presente convenio e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a consellería competente en materia de cultura vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.



**SEGUNDO.-** Que a Fundación Ventura Figueroa é unha fundación privada de interese galego que se constituíu o 8 de novembro de 1784 polos testamentarios de don Manuel Ventura Figueroa, Gobernador do Consello e Cámara de Castela, arcebispo de Laodicea e Patriarca de Indias. A consellería competente en materia de cultura exerce o protectorado da citada fundación.

A figura de Manuel Ventura Figueroa vén de padecer certo esquecemento historiográfico, sen que existan achegas monográficas recentes que a realcen e detéctase un descoñecemento xeral da súa relevancia histórico-política. De tal xeito, a consellería considera necesario realizar unha nova aproximación a súa figura co obxecto de actualizar a documentación e os enfoques arredor da súa biografía.

**TERCEIRO.-** Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e está dotada e conta de medios únicos, persoais e materiais capaces de garantir o nivel de calidade óptimo e esixible para a elaboración do traballo.

**CUARTO.-** Que a USC, a través do Grupo de Investigación HISTAGRA, conta cun sólido coñecemento derivado das investigacións realizadas nos últimos anos a través de investigacións que derivaron nunha tese doutoral.

Polo exposto resulta de interese común da Consellería e da USC traballar na elaboración dun estudo sobre a figura de Manuel Ventura Figueroa, con suxeición ao disposto nas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a investigación e elaboración dunha biografía de Manuel Ventura Figueroa.



## Segunda.- Actuacións a realizar

Para estes efectos, a Consellería e a USC colaborarán no desenvolvemento das seguintes actuacións, que se especifican de forma máis detallada no Anexo I do presente convenio:

- Investigación prosopográfica sobre a figura de Manuel Ventura Figueroa
- Localización de fontes primarias sobre Manuel ventura Figueroa
- Análise das fontes e contraste das mesmas
- Realización dunha monografía sobre a figura de Manuel Ventura Figueroa
- Presentación de resultados

## Terceira.- Financiamento

O orzamento estimado para a realización da actividade obxecto do presente convenio ascende a un total de 35.000€, co seguinte desagregamento:

<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
Custos de execución (material funxible, inventariable, viaxes, dietas....)	8.069,31€
Contratación de persoal	17.792,74€
Custes indirectos (16%)	4.137,95€
Coordinación do proxecto	5.000,00€
<b>TOTAL</b>	<b>35.000,00€</b>

A Consellería contribuirá á realización das actuacións derivadas do presente convenio con un importe total de 30.000€ que se imputarán á aplicación orzamentaria 37.01.431A.640.0 do orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024, e conforme á seguinte distribución:

A Universidade de Santiago de Compostela colaborará na realización do proxecto cunha achega total de 5.000€ que corresponden á coordinación do proxecto descrito.



#### **Cuarta.- Xustificación**

Para percibir a cantidade máxima sinalada, a Universidade presentará electronicamente, con data límite 15 de decembro de 2024, a seguinte documentación:

- Certificación que acredite que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio e que os fondos foron destinados a tal fin.
- Certificación detallada da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- A USC emitirá un informe final unha vez rematados os traballos, establecendo as conclusións ás que se chegara.

No caso de que a xustificación de gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula terceira, a achega da Consellería diminuírá proporcionalmente.

Ditas achegas financiarán o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña ningún lucro.

#### **Quinta. - Comisión mixta de seguimento**

O responsable do desenvolvemento do traballo por parte da USC, será o Catedrático de Historia Contemporánea Dr. D. Ramón Villares Paz, adscrito ao Departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, e terá como interlocutor válido por parte da Consellería á persoa que, no seu caso, designe a Secretaría Xeral Técnica.

Para o seguimento da execución deste convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento que se consideren oportunas constituirase unha Comisión de seguimento do convenio, que velará pola correcta execución e seguimento dos compromisos recollidos no mesmo e resolverá, no seu caso, as dúbidas e controversias que puidesen xurdir na súa aplicación e interpretación. Dita Comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.



A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Sexta. – Resultados conxuntos. Dereitos sobre titularidade dos resultados e publicacións.**

Os traballos, informes e resto de material que resulten das actuacións obxecto do presente convenio serán titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por todas as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante ambas partes, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Os dereitos de difusión e publicidade derivados da elaboración dos contidos serán de titularidade conxunta da USC e da Consellería.

A Consellería resérvase o dereito para publicar os resultados obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

#### **Sétima. – Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogado de maneira expresa mediante as correspondentes addendas, cos límites establecidos no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



### **Oitava. - Inexistencia de relación laboral**

A firma deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Consellería, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Novena. - Confidencialidade e transparencia**

As partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que fose subministrada á outra parte durante a vixencia do presente Convenio. Ambas as partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, exceptuando os seus traballadores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste Convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente incluso despois da extinción deste Convenio, sexa cal for a causa da devandita extinción.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, en atención á súa propia natureza, das obrigacións de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigacións da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Universidade acepta e consente a remisión do convenio, despois da súa firma, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



### **Décima. - Modificación, denuncia e causas de resolución.**

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses de demora, as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- Acordo unánime de todos os asinantes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

### **Décima Primeira. - Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo con o



artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación sexta.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir en última instancia, as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

#### **Décimo Segunda. -Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e, por tanto, a recibir notificacións por medios electrónicos son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo Terceira. - Protección de datos de carácter persoal**

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeneral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas se someten ao acordado en todas as estipulacións.

#### **Décimo Cuarta. - Uso de logotipos**

As partes autorízanse mutuamente a permitir o uso dos seus respectivos logotipos nas actividades recollidas neste convenio.

En proba da súa conformidade co exposto, ambas as partes asinan o presente convenio dixitalmente.

Pola Consellería

Pola USC

O conselleiro

O reitor

José Carlos López Campos

Antonio López Díaz



## ANEXO

### 1.- DESCRIPCIÓN DO TRABALLO

A sobranceira figura de Manuel Ventura Figueroa vén de padecer certo esquecemento historiográfico, sen que existan achegas monográficas recentes que a realcen. En paralelo, detéctase un descoñecemento xeral da súa relevancia histórico-política. De tal xeito, urxe realizar unha nova aproximación co obxecto de actualizar a documentación e os enfoques arredor da súa biografía.

O impacto desta investigación pode vertebrarse tanto no eido científico coma no sociocultural. Primeiramente, o regreso de Figueroa á produción historiográfica pode acrecentar o interese académico na súa figura, abrindo incluso espazos para o encontro e debate entre especialistas do seu contexto. Por outra banda, existe unha nidia vontade divulgativa nestes traballos, que se trasladará ao formato e estilo da monografía, destinada a un público amplo e diverso.

### 2.- METODOLOXÍA E PLAN DE TRABALLO

O enfoque da investigación será eminentemente prosopográfico, empregando técnicas de investigación histórica, maiormente, análise de fontes primarias. Ademais, contemplaranse algunhas perspectivas propias da Ciencia Política e a Socioloxía, en canto ao seguimento de institucións, organizacións, e grupos sociais no contexto do Antigo Réxime.

De inicio, procuraranse documentos relativos a Manuel Ventura Figueroa, para explorar despois outra documentación que aluda a súa relación con Ensenada, Campomanes, Floridablanca, Múzquiz, e Gálvez, entre outras figuras políticas da época. Na escolma e análise destas fontes primarias residirá a contribución orixinal desta investigación científica.

Arquivos primordiais de consulta: Arquivo Histórico Nacional (Madrid), varios fondos institucionais (Estado, Consellos, ...); Arquivo da Biblioteca Nacional (Madrid); Arquivo Histórico da Nobreza (Toledo), varios fondos nobiliarios (Perales del Río, Osuna,...); Arquivo da Deputación de Pontevedra.



Outros arquivos susceptíbeis de consulta: Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela, Arquivo de Simancas, Arquivo Xeral de Indias, Arquivo Apostólico Vaticano, Biblioteca da Igrexa Nacional Española en Roma.

O plan de traballo componse dos seguintes pasos:

1. Fundamentación teórico- metodolóxica.
2. Revisión sistemática da bibliografía existente.
3. Localización, recompilación, e análise de fontes primarias.
4. Actualización do relato biográfico.
5. Redacción dunha monografía.
6. Presentación de resultados.

A planificación destas tarefas sería, repartida nun ano, a seguinte:

1º Fundamentación teórico- metodolóxica. Revisión bibliográfica

2º Localización de fontes. Recompilación de fontes

3º Recompilación de fontes. Análise de fontes

4º Análise de fontes

5º Análise de fontes. Actualización da biografía

6º Actualización da biografía .

7º Redacción dunha monografía e presentación de resultados



### 3.- EQUIPO DE TRABALLO

Ramón Villarez Paz (Catedrático Historia Contemporánea, USC), IP

Margarita Barral Martínez (PDI, USC),

Xosé Ramón Veiga Alonso, (PDI, USC),

Pegerto Saavedra Fernández (Catedrático de Historia Moderna, USC)

